



BIBLIOTECA
REGO DA
BALSA

o teu espazo!



TODAS AS ACTIVIDADES SON DE BALDE! #ABIBLIOPRÉSTAME

A recollida de convites para as actividades en que se require debe facerse na propia Biblioteca desde unha semana antes do desenvolvemento da propia actividade

Biblioteca Rego da Balsa:

Xullo: (horario habitual)

Luns a venres: 10:30 a 13:30 e de 16:30 a 20:30

Sábados: 10:00 a 13:00

Agosto: (aberta só de mañás)

Luns a venres: 10:30 a 13:30

Sábados: 10:00 a 13:00

Ludoteca Municipal:

Xullo: (aberta só de mañás)

Luns a venres: 10:30 a 13:30

Agosto: pechada



www.carballo.gal

búscanos nas redes:



XULLO 2016

Sábado 2 | 11.30 h

#ABIBLIOCONTA

Contacontos infantil para nen@s de 0 a 3 anos. Proxecto apego.

Público Familiar. inscrición na Biblioteca Rego da Balsa.

Mércores 6 | 19.00 h

PROYECCIÓN CURTAMETRAXE "EL ÚLTIMO ALIENTO"

De Jorge Asensi Rodríguez. Curtametraxe sobre o illamento que sofren algunhas persoas debido á crise e a contaminación.

Para todos os públicos. Entrada libre de balde.

Venres 8 | 20.00 h

PRESENTACIÓN "OTRA OPORTUNIDAD"

De Geli Romero. Presentación da primeira novela da autora local.

Para todos os públicos. Entrada libre de balde.

Ademais...

21, 22, 23 e 24 de xullo

PRAZA DOS LIBROS

A Biblioteca trasládase á Praza: novidades e préstamos sorpresas.

Todos con Sanxo!: Actividade creativa con concurso dirixida ao público infantil a partir de 4 anos. Con inscrición previa a partir do día anterior, max. 15 nen@s.

Un grupo os venres 15, 22 e 29 | de 10:30 a 13:30. Outro grupo os sábados 16, 23 e 30 | de 10:00 a 13:00

OBRAIDRO DE ILUSTRACIÓN

Organiza Asociación Artística Creaformas, Imparte Mon Lendoiro.

Previa inscrición. De balde

"SÁBADOS DE LITERATURA FRANCÓFONA"

Club de lectura en francés. Organiza a Asociación de Irmanamento de Carballo con L'isle Jourdain.

AGOSTO 2016

Sábado 6 | 11.30 h

#ABIBLIOCONTA

Contacontos infantil para nen@s de 0 a 3 anos. Proxecto apego.

Público Familiar. inscrición na Biblioteca Rego da Balsa.

Xoves 25 | 19.00 h

PROYECCIÓN CINEMATOGRAFICA "O CLUB DA CALCETA"

Baseado na novela homónima de María Reimóndez.

Para todos os públicos. Entrada libre de balde.

Ademais...

Todos os martes e xoves de agosto (excepto o 16) e o 1 e 6 de setembro | de 11:00 a 13:00,

OBRAIDRO DE CREACIÓN LITERARIA

A cargo de Rosalía Fernández Rial, cunha sesión maxistral de Paco Souto

Previa inscrición na Biblioteca Rego da Balsa. De balde.

"SÁBADOS DE LITERATURA FRANCÓFONA"

Club de lectura en francés. Organiza a Asociación de Irmanamento de Carballo con L'isle Jourdain.

Máis información na biblioteca. Público adulto.

SETEMBRO 2016

Xoves 22 | 20.00 h

FALADROIRO CRUZ VERMELLA

Comeza o curso *Solidariamente!* Coñece os proxectos de Cruz Vermella na túa vila e infórmate de cómo te podes facer voluntari@.

Para todos os públicos. Entrada libre de balde.

Venres 23 | 19.30 h

PRESENTACIÓN "DERRIBOS ARIAS. LICENCIA PARA ABERRAR"

De Carlos Rego. Percorrido pola historia dunha das bandas máis innovadoras do panorama musical de principios dos oitenta.

Para todos os públicos. Entrada libre de balde

Xoves 29 | 19.00 h

PROYECCIÓN CURTAMETRAXE "BOTEIME A ANDAR"

De Pablo Lomba. Premio á mellor realización na II Edición do Concurso de Curtametraxes Sociolóxicas.

Para todos os públicos. Entrada libre de balde.

Ademais...

"SÁBADOS DE LITERATURA FRANCÓFONA"

Club de lectura en francés. Organiza a Asociación de Irmanamento de Carballo con L'isle Jourdain.

Máis información na biblioteca. Público adulto.

O verán comeza forte. Nas nosas instalacións continuamos cos contacontos para @s máis pequerrech@s da casa e para as súas familias, con historias para bebés de 0 a 3 anos, seredes quen de imaxinar un mundo diferente, cheo de cores e texturas... que máis se pode pedir que voltar á infancia con contos e cancións tan amenos coma os dos nosos contacontos #ABiblioConta? Atopárelos o primeirosábado de xullo e agosto ás 11:30 h, e lembre reservar praza chamando á biblioteca ou enviando un e-mail a biblioteca@carballo.org, pois esgótanse con facilidade!



Moit@s de vós fostes @s que nos pediron obradoiros de diversas materias, por iso temos preparados dous moi distintos pero súper creativos!

Despois da gran acollida que presentou a reserva de prazas para o **“Obradoiro de iniciación á ilustración”**, organizado pola **Asociación Artística Creaformas** e impartido por **Mon Lendoiro**, optouse por ampliar o espazo a dous grupos diferentes. Un deles é o dos **venres 15, 22 e 29 de xullo, de 10:30 a 13:30 h**; outro os **sábados 16, 23 e 30 do mesmo mes, de 10:00 a 13:00 h**. Compráenos dicir que case están todos os ocos cubertos, pero aínda queda algún dispoñible. Apurade a anotarnos chamando ou enviando un e-mail á Biblioteca Rego da Balsa.

Por outra banda, en **todos os martes e xoves de agosto (excepto o 16)** e o **1 e 6 de setembro de 11:00 a 13:00 h**, @s usuari@s que reserven praza chamando ou enviando un e-mail á Biblioteca Rego da Balsa, poderán gozar con **“Hibridar o imaxinario”**, un **obradoiro de creación literaria** impartido pola escritora local **Rosalía Fernández Rial**, contando ademais cunha sesión **maxistral** levada a cabo polo poeta coruñés **Paco Souto**. Que máis se pode pedir? Todo isto é posible grazas á Asociación Escritoras-es Lingua Galega, co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Cultura, e coa colaboración do Concello de Carballo. Correde a anotarnos, pois nunha actividade tan interesante as prazas non duran moito tempo baldeiras!

Escola de Escritoras da AELG

Obradoiro de creación literaria

HIBRIDAR O IMAXINARIO

A cargo de **Rosalía Fernández Rial**
cunha sesión maxistral de **Paco Souto**

Dez sesións en horario de 11:00 a 13:00
Agosto: 2, 4, 9, 11, 16, 23, 25 e 30
Setembro: 1 e 6

25 prazas para persoas maiores de 16 anos
Inscripción, gratuíta, ata o 14 de maio, en
inscripcion@aelg.org | 981 75 85 80
(as prazas asignaranse por orde de solicitude)

O obradoiro desenvolverase na Biblioteca Pública Municipal Rego da Balsa

Para hibridar o imaxinario cómpre xogar á corda coas fronteiras.

Sempre coa intensidade precisa, a golpe de fusión. Xusto aí, no seu lugar, aprendemos a fluir na lingua infundida da arte literaria con todos os detalles, sen restrición ningunha.

Vós brincar?

Colaboradores de:

venres: 15, 22 e 29 de xullo
de 10:30 a 13:30 h
OU
sábados: 16, 23 e 30 de xullo
de 10:00 a 13:00 h

na Biblioteca Municipal do Rego da Balsa
de Carballo

OBRADOIRO DE INICIACIÓN Á ILUSTRACIÓN

obradoiro de Mon Lendoiro

Obradoiro orientado a nenos e adultos que desexen traballar no campo da ilustración como necesidade creativa. O ilustrador resolverá a necesidade propia ou axena, a través dunhas ferramentas e recursos creativos que lle serán proporcionadas polo docente e as cales terá que usar para a satisfacción gráfica final. Aprenderá a usar e a dinamizar diferentes técnicas como o lapis, os rotulas, o acrílico, a acuarela e o collage.

Obradoiro e material de balde, 15 prazas máximo

informate ou apúntate a través do email:
biblioteca@carballo.org
ou chamando a o teléfono 981 75 85 80

organiza e colabora:



Se o voso é a séptima arte, en agosto traemosvos un filme ben interesante, **“O club da calceta”**, baseado na novela homónima de **María Reimóndez**. Unha historia onde seis mulleres comparten experiencias e frustracións das súas vidas e toman conciencia das súas situacións para superalas. Un filme que non podedes deixar de ver. Tremendamente recomendado, proxectarémolo o **vindeiro 25 de agosto, ás 19:00 h!** Para **tódolos públicos e con entrada libre**, non faltedes!